



Información titoría de 2º EP- Remate de curso



O alumnado traerá mochila toda a semana para ir levando ós poucos o material escolar.

MÉRCORES 19- Ensaio festival

Para este día o alumnado sinalado traerá o seguinte:

- **Marta:** o mono con franxas vermellas.
- **Marta, Zoe, Saray, Daniela, Ángel, ían, Manu, Brais, Xeila, Leire e Gael:** traerán o disfrace que fixeramos no Entroido para poder ensaiar con el.



XOVES 20 - Festival e exposición



Ás **10:30 h** comezará o festival no pavillón ao cal poderedes asistir as familias.



Dende as **9:40 h** (antes do festival) e tamén despois do festival, as familias poderedes visitar a exposición de traballos realizados polo alumnado no Proxecto OIADORES durante todo o curso escolar. Esta exposición estará **na entrada do centro e na biblioteca.**

¿Cómo deben vir vestidos o día do festival?

- **Marta:** con trenzas e roupa sinxela de sacar para poñer o mono.
- **Zoe, Saray, Daniela, Ángel, ían, Manu, Brais, Xeila, Leire e Gael:** **IMPORTANTE:** traerán camiseta de manga curta, a poder ser, escura ou verde. Poden traer pantalóns curtos se o desexan. Tenis: os que teñan.
- **Sabela, Clara, Abril, Irene, Teo e Raquel:** traerán roupa negra a poder ser de manga curta. Tenis brancos ou claros. As nenas, a poder ser, coleta ou unha trenza.
- **Rubén:** pantalón curto marrón ou escuro, camiseta branca de manga curta e tenis brancos ou claros.



VENRES 21 - Último día de curso



Este último día de cole celebraremos os **aniversarios dos nenos e nenas que cumpren anos no verán.**

Como fixemos o ano pasado, poderedes poñervos de acordo aquelas familias do alumnado de cumpreanos para traer merendola, se así o considerades.

Despois do comedor está programada a **Festa da ANPA.**

MÉRCORES 26 - Entrega de notas



O mércores 26 de xuño de **10:00 a 12:00h** entregaranse as cualificacións finais de curso en papel.

Pasando pola aula de 2º de EP poderedes recollelas.

ACTIVIDADES DE REFORZO DE VERÁN



Como algunhas familias o demandastes, deixo aquí algunhas recomendación de reforzo de verán (TOTALMENTE OPCIONAIS) para aqueles/as que o vexades oportuno:

Se queredes traballar ortografía:

Rematar as páxinas que quedan pendentes do caderno de ortografía divertida:



Para traballar comprensión lectora e escritura:

Reservouse este caderno básico de repaso de lecturas comprensivas para o verán.



Redacción e creación de historias:

Aproveitar as páxinas da libreta para facer historias que logo podeses grabar co móbil en formato podcast. Tamén poden facer un diario de verán.



PARA TRABALLAR MATEMÁTICAS

Déixovos nesta nova do blog un enlace a un cuaderno de matemáticas que repasa todos os contidos dados. Podédelo descargar e imprimir.



PARA TRABALLAR TODO EN CONXUNTO

Se queredes un repaso global e en conxunto, outra opción é o pack "Verano 2º de Primaria" de Rubio.

